

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 27 DE AGOSTO DE 2015. NÚM. 10/2015.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL. (CxG-CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CxG-CCTT).
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).
D. NICOLÁS GONZALEZ CASARES. (PSdeG-PSOE).
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS. (PSdeG-PSOE).
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).
D. XOSÉ MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ. (BNG).
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (P.P).
D^a MARIA PAZ PÉREZ ASOREY. (P.P).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (P.P).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (P.P).
D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (P.P).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (P.P).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.).
D^a. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ (P.P.).
D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ (P.P.).
D^a. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME (P.P.).

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

ÍNDICE:

1.- Aprobación, se procede, das actas N° 8/2015 da sesión ordinaria celebrada o día 23 de xullo de 2015 e N° 9/2015 da sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 5 de agosto de 2015.....	páx.4
2.- Resolucíons de Alcaldía. Dación de Conta.....	páx.4
3.- Toma de posesión dos novos concelleiros do grupo popular.....	páx.8
4.- Nomeamento dos novos concelleiros do grupo popular como membros das Comisións Informativas e outros organismos.....	páx.9
5.- Informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao segundo trimestre de 2015. Dación de conta.....	páx.10
6.- Expediente de inversión financeiramente sostible. Uso superávit 2014. Adquisición Parking Europa.....	páx.11
7.- Anulación do Contrato administrativo de adxudicación da concesión da obra pública consistente na construción dun aparcamento no subsolo do espazo libre existente entre as rúas Calzada, B, Pintor Laxeiro, Z e Avenida Luís González Taboada e subseguinte explotación.....	páx.12
8.- Expediente de modificación de créditos. Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito N° 6-P/2015.....	páx.19
9.- Mocións do grupo de goberno.	
9.1.- Moción do grupo de goberno para implantar a transparencia no Concello de Lalín.....	páx.21
9.2.-Moción do grupo de goberno pra declarar o rural do Concello de Lalín como zona de urxente rehabilitación e recuperación.....	páx. 24
9.3.- Moción do grupo de goberno sobre a liquidación emitida polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia en relación coas Escolas Infantís.....	páx. 26
10.- Mocións do PP.	
10.1.- Moción do PP pra a construción dunha pista de atletismo e un campo de rugby de lado do Lalín Arena.....	páx. 30

10.2.- Moción do PP relativa á implantación da Zona Azul na Avenida de Buenos Aires no tramo dereito dende o cruce coa Avenida Luís González Taboada ata a rúa B.....	páx. 31
10.3.- Moción do PP sobre a continuidade da Aula da UNED de Lalín.....	páx. 32
11.- Mocións do BNG.	
11.1.- Moción do BNG para a creación do Servizo e Normalización Lingüística municipal e a aprobación da Ordenanza municipal que o regulará.....	páx. 36
11.2.- Moción do BNG para a colaboración coa administración provincial cara a posta en marcha dunha planta de compostaxe comarcal e outras iniciativas para a xestión dos R.S.U.....	páx. 38
12.- Expediente de modificación de créditos Nº 7-P/2015. Crédito extraordinario. Trámite urgente.....	páx. 40
13.- Mocións por urxencia.	
13.1.- Moción por urxencia do PP solicitando a comparecencia no vindeiro Pleno do Primeiro Tenente de Alcalde.....	páx. 42
14.- Rogos e Preguntas.....	páx. 44

=====

Sendo as dez horas do **xoves, día 27 de agosto de 2015**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventora Xeral *D^a. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS Nº 8/2015 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 23 DE XULLO DE 2015 E Nº 9/2015 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA O DÍA 5 DE AGOSTO DE 2015.-

Deuse conta pola Presidencia dos borradores das actas Nº 8/2015, da sesión ordinaria celebrada o día 23 de xullo de 2015, e Nº 9/2015, da sesión extraordinaria celebrada o día 5 de agosto de 2015. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Non habéndoas, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar as ditas actas nº 8/2015, da sesión ordinaria celebrada o día 23 de xullo de 2015 e nº 9/2015, da sesión extraordinaria celebrada o día 5 de agosto de 2015, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- TOMA DE POSESIÓN DOS NOVOS CONCELEIROS DO GRUPO POPULAR.-

Proceden a efectuar a toma posesión do cargo de concelleiros polo grupo popular D. Manuel Fernández López, D^a. Raquel Lorenzo Fernández, D^a. Eva María Montoto Méndez e D^a. María José Senande Méijome, logo da renuncia presentada polos concelleiros D. Camilo González Bodaño, D^a. M^a José Batán Mouriño, D. Manuel Gómez Estévez e D^a. Pilar López

Carrón, e unha vez recibida a certificación correspondente emitida pola Xunta Electoral de Zona, de data 11 de agosto de 2015.

A estes efectos o Sr. Secretario constata a presentación por parte de D. Manuel Fernández López, D^a. Raquel Lorenzo Fernández, D^a. Eva María Montoto Méndez e D^a. María José Senande Méijome das declaracións de bens e dereitos, dunha banda, e as declaracións de actividades pola outra.

Proceden a xurar o seu cargo pronunciando a seguinte fórmula:

“Xuro/Prometo e prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro de Lalín, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Xa que logo, cumpríndose todos os requisitos establecidos na normativa vixente o Sr. Alcalde-Presidente dou posesión do seu cargo como edís deste Concello de Lalín e a todos os efectos legais a D. Manuel Fernández López, D^a. Raquel Lorenzo Fernández, D^a. Eva María Montoto Méndez e D^a. María José Senande Méijome, integrándose de seguido estes novos corporativos e tomando asento entre as filas do grupo municipal popular.

4.- NOMEAMENTO DOS NOVOS CONCELEIROS DO GRUPO POPULAR COMO MEMBROS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS E OUTROS ORGANISMOS.-

Unha vez realizada a toma de posesión procédese a nomear as novos Concelleiros do grupo municipal popular como membros das Comisións Informativas e representantes municipais noutros organismos, segundo a proposta realizada por dito grupo (núm. Rex. 5548 de 24/08/2015).

A estes efectos o Pleno da Corporación ACORDOU EFECTUAR OS SEGUINTE NOMEAMENTOS, en substitución dos anteriores concelleiros e sen que afecte aos demais nomeamentos realizados na sesión organizativa da Pleno da Corporación celebrada o pasado día 3 de xullo de 2015:

- Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade:

Titular:

- D. Manuel Fernández López.
- D^a. Raquel Lorenzo Fernández.
- D^a. María José Senande Méijome.

Suplentes:

- D^a. Eva María Montoto Méndez.

- Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica:

Titular:

- D. Manuel Fernández López.

Suplentes:

- D^a. Raquel Lorenzo Fernández.

- D^a. Eva María Montoto Méndez.

- Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación:

Titular:

- D^a. Eva María Montoto Méndez.

Suplentes:

- D^a. María José Senande Méijome.

- D^a. Raquel Lorenzo Fernández.

- D. Manuel Fernández López.

- Comisión Especial de Contas:

Titulares:

- D. Manuel Fernández López.

- D^a. Raquel Lorenzo Fernández.

- D^a. Eva María Montoto Méndez.

- D^a. María José Senande Méijome.

- Consello de Administración do Padroado Cultural de Lalín:

Suplente: D^a. María José Senande Méijome.

- Pleno da Mancomunidade de Terras do Deza:

Titular: D^a. Eva María Montoto Méndez.

5.- INFORMES DE MOROSIDADE DO CONCELLO DE LALÍN E DO PADROADO CULTURAL DE LALÍN CORRESPONDENTES AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2015. DACIÓN DE CONTA.-

A Presidencia deu conta dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao segundo trimestre de 2015.

De seguido o **Sr. Secretario** deu lectura do resultado do mesmo e das cifras que correspondían a cada apartado resume, destacando o período medio de pago aos provedores que constaba no mesmo.

Xa que logo, o **Pleno da Corporación**:

Primeiro.- Tomou coñecemento dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao segundo trimestre de 2015, emitidos pola Tesourería Municipal.

Segundo.- En cumprimento da normativa vixente acordou seguir as actuacións e dar publicidade na *web* municipal do informe agregado da relación de facturas, continuando cos trámites previstos no informe de Tesourería.

Terceiro.- O período medio de pago a provedores do Concello de Lalín correspondente ao segundo trimestre de 2015 calculado segundo a metodoloxía da Lei de Morosidade é de 20 días, e segundo a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de menos 10 días.

Cuarto.- O período medio de pago a provedores do Padroado Cultural de Lalín correspondente ao segundo trimestre de 2015, calculado segundo a metodoloxía da Lei de Morosidade, é de 7 días, e segundo a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de menos 22 días.

6.- EXPEDIENTE DE INVERSIÓN FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE. USO SUPERÁVIT 2014. ADQUISICIÓN PARKING EUROPA.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 14 de agosto de 2015. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura do ***dítame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 24 de agosto de 2015.***

A proposta dos distintos voceiros e por unanimidade dos mesmos acordouse debater este punto conxuntamente co punto seguinte desta sesión. Polo tanto as intervencións e o debate figuran no punto nº 7 desta sesión.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, dez (10) do PP e un (1) do BNG, **APROBOUSE** o expediente e a proposta da Alcaldía de data 14 de agosto de 2015, do seguinte tenor:

Aprobado inicialmente o expediente de modificación de créditos N°3-P/2015 de Crédito Extraordinario, estando actualmente en exposición pública, prazo que remata o vindeiro día 19 de agosto, e incoado o expediente de inversión financeiramente sostible co obxectivo de determinar a utilización do superávit do peche do exercicio 2014 nunha inversión que cumpra coas premisas da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e sostibilidade Financeira (artigos 32 e Disposición Adicional 6ª), así como a Disposición Adicional 16ª do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En concreto, neste expediente trátase de adquirir o aparcamento subterráneo sito entre as rúas “Calzada”, “B”, “Pintor Laxeiro”, “Z”, e “Avenida Luís González Taboada”, vinculada esta compra á anulación do “Contrato de concesión da obra pública da construción dun aparcamento subterráneo no subsolo do espazo libre entre as rúas “Calzada”, “B”, “Pintor Laxeiro”, “Z” e “Avda. Luis González Taboada” e subseguinte explotación.

Á vista da documentación que se achega ao expediente o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Declarar que a adquisición do aparcamento subterráneo sito entre as rúas “Calzada”, “B”, “Pintor Laxeiro”, “Z”, e “Avda. Luís González Taboada”, é unha inversión financeiramente sostible.

Segundo.- A municipalización do servizo do aparcamento subterráneo sito entre as rúas “Calzada”, “B”, “Pintor Laxeiro”, “Z”, e “Avda. Luís González Taboada”, co obxectivo de explotar mediante medios propios esta instalación de acordo coa memoria da Alcaldía que forma parte de este expediente.

7.- ANULACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DE ADJUDICACIÓN DA CONCESIÓN DA OBRA PÚBLICA CONSISTENTE NA CONSTRUCCIÓN DUN APARCAMENTO NO SUBSOLO DO ESPAZO LIBRE EXISTENTE ENTRE AS RÚAS CALZADA, B, PINTOR LAXEIRO, Z E AVENIDA LUÍS GONZÁLEZ TABOADA, E SUBSEGUINTE EXPLOTACIÓN.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 4 de agosto de 2015. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura do ***dítame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 24 de agosto de 2015.***

A proposta dos distintos voceiros e por unanimidade dos mesmos acordouse debater este punto conxuntamente co punto anterior desta sesión.

De seguido o *Sr. Secretario* expuxo o contido da proposta. Incluía tres apartados, a resolución da actual concesión de construción dun parking subterráneo e a posterior explotación do mesmo, a renuncia dunha parte e da outra a exercer accións xudiciais contra a outra e a liquidación do dito contrato. Era necesario contar coa maioría absoluta para aprobar este punto xa que incluía a xestión directa desta instalación, en contraste coa xestión indirecta por concesión, aprobada ata hoxe; para o outro punto, bastaba a maioría simple.

Polo BNG, **D. Xosé Manuel López Fernández** explicou a súa posición. Indicou que, como estaba anunciado, ía apoiar as propostas da Alcaldía. Non obstante sinalou que había que recordar a incomodidade que tiña este tema para tratalo. Polo ben de todos había que aprobalo. Pediu que constase en acta o gran esforzo que facía a súa formación política neste tema, o BNG, para solucionar un grave problema, un problema que non crearon os veciños, senón que era debido á mala xestión do goberno anterior, do *Sr. Crespo Iglesias*. A proposta contaba cun estudo de viabilidade, que era axustado.

Rematou indicando que esperaba que esta proposta que se debía fose a solución para a actual situación do parking, porque se fracasaba, o fracaso sería de todos.

Pola APAC, **D^a. Lara Rodríguez Peña** indicou que non tiña máis que dicir que o que figuraba na proposta e no expediente.

Desde o grupo socialista **D. Nicolás González Casares** indicou que a proposta recollía a idea deste goberno de negociar, coa idea de rebaixar o importe da resolución ou rescate e conseguir un bo acordo para o Concello, que era, en definitiva, un bo acordo para os veciños de Lalín.

Recoñeceu o esforzo que fixo o BNG para apoiar esta proposta.

Indicou que tras a toma de posesión da nova corporación, o concesionario amosouse disposto a rebaixar o prezo e o goberno actual soubo negociar. Agora se trataría de sacar rendibilidade social a esta instalación e de dar un mellor servizo a todos os que estean ou veñan a Lalín, mellorando a accesibilidade e o estacionamento en Lalín cun novo modelo no servizo de estacionamento nunha trama urbana algo diferente. Apoiaría a proposta.

Polo grupo CXG-CCTT, **D^a Teresa Varela Fisteus** sinalou que o que estaba demostrado era que a obra do parking incumpriu o PXOM e tras varios procesos xudiciais, algún en curso aínda, de mutuo acordo, procedía á anulación do contrato e ao final dos preitos xudiciais. Agora se trataría de reparar as deficiencias que amosaba a instalación, sobre todo na instalación de luz e na limpeza, e poñelo a funcionar canto antes para dar un servizo importante aos veciños de Lalín. Por todo isto, apoiarían a proposta da Alcaldía.

Polo grupo do PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** deu a benvinda aos novos edís. Indicou que se trataba de renovar ao seu equipo, lembrando aos edís cesantes, *D. Camilo González Bodaño, D. Manuel Gómez Estévez, D^a. Pilar López Carrón e D. María José Batán Mourinho*, e rexeitando o que se dixo se dicía aínda ao respecto.

Tras escoitar a todos os intervenientes anteriores, había que destacar que o parking se fixo porque foi unha infraestrutura necesaria. Lembrou que sacáronse dous aparcamentos: este e o Campo da feira. O segundo non foi viable e saíu adiante este que se fixo. Había que dicir que todos os parking daban perdas aos Concellos cos seus propios medios, e deben afrontar esta situación, con dificultades económicas. Lembrou que houbo varios preitos, tras dos habidos coa familia Carral, cun proxecto de demolición para cumprir as resolucións xudiciais. Ao final, cando se tivo que abrir a instalación ao público, a familia Portas y Acuña negouse. Houbo negociacións entre o Concello e a outra parte nas que interviron inicialmente os avogados das partes e logo os técnicos municipais. Partiuse de 3.700.000 e logo quedouse en 3.300.000. Ao final, el persoalmente fixoo público este acordo.

Considerou que a decisión tanto antes como agora era acertada. Innegablemente eses catrocentos mil euros eran un aforro para o Concello. Logo díxose que eran trescentos cincuenta mil euros. Había que ver de onde saía esa cifra.

Explicou que no mes de xuño e por aplicación do Decreto 10/1943, norma que regulaba determinadas regras das edificacións, o edificio cumpría dez anos e polo tanto valía uns douscentos mil euros menos. Tamén había que gastar uns douscentos mil euros en poñer en funcionamento esta instalación. Polo tanto, a negociación partía dese aforro polo menor valor do edificio e pola posta en funcionamento, aínda que segundo o técnico municipal *D. Antonio*

Bernárdez custaría abrir e poñelo en funcionamento uns oitenta e cinco mil euros. Coidaba non obstante que sería superior.

O convenio ratificouse polas partes, cos avogados presentes e coas condicións pactadas. Inicialmente o Concello pretendía subrogarse nas accións que a concesionaria podía esixir contra os técnicos da concesionaria, porque o avogado noso sempre así o pediu. Non obstante os técnicos municipais, en concreto máis a Secretaría Xeral que a Intervención, non viron esa opción como viable. “*Cando a limosna é moita, ata o santo desconfía (ou a esmola, segundo a opinión do Sr. Alcalde)*”. Esta era a explicación. De todos os xeitos, tendo en conta que o acordo era positivo para o Concello, apoiarían a proposta.

Desde a Presidencia, o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, indicou que procuraría ser xeneroso nas súas explicacións.

Sinalou que diante da compra era necesaria por moitas razóns. Unha delas era que o grupo de goberno que agora gobernaba en Lalín quería implantar un novo concepto de vila, peonalizando o centro. Esta operación de compra da instalación supuña cerrar a cuadratura do círculo. Coidaba que o que mellor debía facer a oposición era felicitar ao goberno pola negociación que fixo, moito mellor que a que realizou o anterior grupo de goberno. Como dixo antes, ía ser xeneroso: Pero cumpría destacar tamén que este goberno municipal xestionaba mellor os cartos públicos que o anterior. Esta redución de trescentos cincuenta mil euros, parece que molestaba moito a algunha xente, porque en vinte segundos de negociación coa familia Portas y Acuña conseguiu esa redución dos trescentos cincuenta mil euros.

Afirmou que non tiña dúbidas da honradez do *Sr. Crespo Iglesias*, e así o quería deixar de manifesto. Isto repetiuno en varias ocasións.

Había algo que non se dixo por parte do representante da oposición, e era que non soamente debía falarse deses trescentos cincuenta mil euros de aforro, senón tamén doutras cousas e cantidades, entre elas, das chapuzas que se fixeron e constaban no expediente, tanto na obra como no custe da demolición de parte do edificio e demais operacións e actuacións municipais que custaron ao Concello preto dun millón de euros.

Indicou que todas estas xestións do anterior goberno, desde a construción do parking ata agora, pasando polas demolicións, para unha persoa normal e para un político eran motivo máis que suficiente para dimitir e para marcharse para a súa casa. Non obstante aquí non sucedía isto. Reiterou que en calquera lugar, as actuacións do anterior goberno eran causa suficiente para que tanto o *Sr. Crespo Iglesias* como o anterior responsable de urbanismo, *Sr. Román Rodríguez*, marchasen para a súa casa e dimitisen. Aquí estabamos no primeiro mundo, e non outros países, como por exemplo era Burkina Fasso. Coidaba que etas persoas non tiñan que ter a conciencia moi tranquila por estes feitos.

O que pedía era que se recoñecese que o goberno actual, o que saíu das eleccións locais, fixo ben esa operación, e negociou mellor que o anterior goberno. Como se dicía: “*o que é medible, non é opinable*”.

Tanto o representante do BNG como a da APAC, indicaron que nesta segunda rolda non tiñan nada que dicir.

Desde o grupo socialista **D. Nicolás González Casares**, indicou que os técnicos municipais tiñan que estudar este expediente e a obra, antes e durante a execución da mesma, máxime cando había problemas e reclamacións. Sinalou que nun primeiro informe municipal, e cando as obras estaban en execución, se indicaba que non se cumprían as alturas;

posteriormente o técnico municipal que agora está en excedencia fixo outro, indicando que si cumpría o edificio as alturas previstas na normativa urbanísticas.

Non tiña dúbidas da honradez dos membros do anterior equipo de goberno. Recordou que na campaña electoral o *Sr. Crespo Iglesias* si que dixo que había un acordo, aínda que foi dun xeito xenérico e non precisou as condicións dese acordo.

Oo que estaba claro era que as negociacións deste goberno deron mellores resultados que as do anterior. Entendía que non era agradable negociar tras tantos anos de preitos coas distintas partes. Para evitar todo o que pasou neste expediente, coidaba que en política había que actuar dun xeito diferente ao do anterior goberno do PP. Había que facer caso aos demais, aos técnicos municipais, escoitar á xente, á oposición política, tomar nota, e non seguir adiante coa obra, pese a todo. Isto non se fixo aquí neste caso do parking, e por iso estamos así.

Segundo o voceiro do PP, **Sr. Crespo Iglesias**, había moita demagogia nas verbas dos voceiros intervinientes. Pasaba sempre que o máis novo sempre desconfiaba do que había e do que se fixo.

Por alusións o **Sr. Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente**, indicou que o *Sr. Secretario* se amosou alucinado de que en media hora conseguir esa redución do prezo de compra.

De novo o voceiro popular, **Sr. Crespo Iglesias** reiterou que a construción do parking se fixo porque a instalación era necesaria para Lalín. Indicou que a rebaixa do prezo de compra se debía a que o edificio tiña agora menos valor que antes e por aplicación da norma indicada; tamén porque a apertura do parking custaría sobre os douscentos mil euros, e non os oitenta e cinco mil euros que determinaba o técnico municipal.

Explicou que a familia Portas e Acuña pretendeu meter durante a negociación no mesmo saco o parking municipal e outras dúas cousas: os problemas das parcelas vendidas polo Concello á mesma no Polígono Lalín 2000 nos que existen preitos xudiciais e o tema do proxecto de urbanización e as obras a acometer na zona da instalación de de vidro *A Veneciana*. Negouse daquela e non accedeu a esta pretensión.

Indicou que o goberno actual fixo unha boa negociación e agradeceu as palabras do Sr. Alcalde e do representante socialista sobre a súa honorabilidade. A negociación que fixeron cando gobernaban eles foi a mellor que puideron facer. A de agora estaba ben, engadindo que: *“ogallá os gastos de apertura se limitasen aos oitenta e cinco mil euros”*.

De novo o Sr. Alcalde, **Sr. Rafael Cuíña Aparicio**, resaltou que a negociación e a xestión deste tema por parte do actual goberno foi excelente e mellor que a xestión do anterior equipo.

Sobre o tema apuntado das accións xudiciais contra os arquitectos da empresa concesionaria precisou que se estudarían, pero que non había nada acordado a día de hoxe. Había que ver a contía dos custes e dos importes e a opinión dos técnicos municipais. Podía ser que se exercesen, ao igual que ía suceder no caso do Lalín Arena, no que a empresa concesionaria ía contra os técnicos que deseñaron e dirixiron as obras.

Volveu indicar que este expediente coa obra, coas demolicións, cos procesos xudiciais e as sentenzas recaídas, todo elo era motivo máis que suficiente para que o Sr. Concelleiro Delegado de Urbanismo, *Sr. Román Rodríguez* e o *Sr. Crespo Iglesias* dimitisen entón e agora tamén.

Coidaba que había que felicitar ao goberno actual de Lalín polo acordo conseguido e a este Pleno porque por unanimidade se aprobada a solución deste problema.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, dez (10) do PP e un (1) do BNG, **APROBOUSE** o expediente e a proposta da Alcaldía de data 4 de agosto de 2015.

Tendo en conta que conta coa maioría absoluta legal do número legal de membros que son once, de acordo co disposto no artigo 47. 2. k) da lei 7/85 de 2 de abril, RBRL, adoptouse o acordo esixido conforme á normativa vixente.

Constan no expediente os informes de Secretaría Xeral, de Intervención, do Arquitecto Técnico Municipal e do Arquitecto-Asesor municipal.

O acordo adoptado é do seguinte tenor:

1º.- Con data 07-05-2003 o Concello de Lalín e a empresa "PORTAS Y ACUÑA INMOBILIARIA, S.L." asinaron o CONTRATO ADMINISTRATIVO DE ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN DA OBRA PÚBLICA CONSISTENTE NA CONSTRUCCIÓN DUN APARCAMENTO NO SUBSOLO DO ESPACIO LIBRE EXISTENTE ENTRE AS RÚAS "CALZADA", "B", "PINTOR LAXEIRO", "Z" E "AVDA. LUIS GONZÁLEZ TABOADA", E SUBSEGUINTE EXPLOTACIÓN.

2º.- Unha vez realizada a obra pública a que se refire o contrato indicado, púxose en funcionamento o aparcamento e, con motivo das denuncias formuladas por terceiros alleos a este acordo, polos Tribunais de Xustiza ditáronse resolucións firmes en dereito en virtude das que foi preciso proceder á demolición parcial, para a súa posterior legalización, do edificio construído; e todo elo coa conseguinte paralización da actividade e gastos de demolición e reposición/reparación.

Trátase dos procedementos ordinarios 5420/2003, do que coñeceu en única instancia a Sala do Contencioso Administrativo do TSJ de Galicia e o 77/2004, tramitado en primeira instancia ante o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 dos de Pontevedra, e en apelación pola mesma Sala anteriormente indicada, e da peza de execución nº 3/09 dimanante do citado ordinario 77/2004.

3º.- Unha vez rematadas as obras, e posta en marcha as instalacións necesarias para o funcionamento do parking, por acordo de Pleno de 25 de marzo de 2013 instouse á empresa contratista a apertura.

4º.- Legalizado o edificio e a actividade, pola Concesionaria instouse, primeiro en vía administrativa e posteriormente en vía xudicial, a resolución contractual coa indemnización ó seu favor de danos e prexuízos.

O Concello desestimou a citada petición resolutoria, estando na actualidade a cuestión pendente de sentenza xudicial no procedemento ordinario 235/2013, do que coñece o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra.

5º.- As partes, sobre a base de que as sentencias firmes ás que xa se fixo referencia, constatan que o parking, tal e como foi proxectado e construído pola Concesionaria e licenciado

e recepcionado polo Concello, non cumpría o Planeamento Urbanístico de aplicación (PXOM) e, por ende, tampouco o condicionado básico do prego de licitación, co que pode concorrer causa de nulidade (anulabilidade) do contrato concesional, iniciaron negociacións co obxecto de alcanzar un acordo extraxudicial que evite os danos e prexuízos de todo tipo que se están producindo con motivo da pendencia do asunto xudicial de referencia, e que, presumiblemente, dilatarase no tempo, tendo en conta a complexidade do asunto e da posibilidade legal de interpoñer recursos contra a resolución que se dite na instancia.

6º.- Consideran as partes que o contrato variou substancialmente a raíz do cumprimento da sentenza. Xa que se eliminou a concha acústica, reduciuse substancialmente a Praza de Europa, elimináronse sesenta prazas de aparcamento, cambiou a ubicación do transformador e acometéronse unha serie de obras necesarias para a execución da sentenza.

Por todo elo a actual configuración do parking deveu nunha nova situación. A concesionaria considerou que a adxudicación do contrato e a concesión de licenzas de obra e apertura foron inicialmente actos favorables ós seus intereses, declarativos de dereitos pola súa propia natureza, pero que con esta nova situación converteuse en actos lesivos para os seus intereses. Por elo non procedeu á apertura do mesmo, solicitou a resolución do contrato de concesión e puxo en marcha o procedemento xudicial.

7º.- Á vista do anterior, considérase que o interese público non se verá prexudicado na medida en que o Concello vai a abonar un custe non superior ó valor actual do parking, evitando o enriquecemento inxusto da administración. Por outra parte recupérase un activo para a posta a disposición dos cidadáns de Lalín e evítase o deterioro das instalacións.

E con tal obxecto, e ó amparo do establecido nos arts. 63, 65, 149 e) e 150.1 del RD Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (aplicable por motivos de temporalidade), en relación co 63.1, 105.1, e 143 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, e demais de xeneral e pertinente aplicación, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Declarar a anulación do CONTRATO ADMINISTRATIVO DE ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN DA OBRA PÚBLICA CONSISTENTE NA CONSTRUCCIÓN DUN APARCAMENTO NO SUBSOLO DO ESPACIO LIBRE EXISTENTE ENTRE AS RÚAS “CALZADA”, “B”, “PINTOR LAXEIRO”, “Z” E “AVDA. LUIS GONZÁLEZ TABOADA”, E SUBSIGUIENTE EXPLOTACIÓN, asinado entre as partes o día 07-05-2003, os acordos de adxudicación do Concello Pleno de data 25 de outubro de 2003, o acordo da Comisión de Goberno de 21 de outubro de 2003, entendendo que concorren en este expediente motivos suficientes para elo, fundamentalmente porque esa adxudicación estaba vinculada un proxecto que non cumpría o PXOM, o que conlevou á execución dunha obra, que se recepcionou polo concello, que incumpría en maior medida que o proxecto o PXOM, requisito esixido no Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), isto dou lugar a dúas sentenzas xudiciais que implicaron a modificación do obxecto do contrato segundo os antecedentes expostos.

Segundo.- A indicada anulación levase a cabo polo procedemento de revocación dos actos administrativos de adxudicación antes indicados, e coas seguintes condicións:

1.- Unha vez aprobada a anulación do contrato polo Pleno da Corporación de Lalín, o edificio construído ó amparo do contrato que se anula, con todos os seus dereitos, instalacións e pertenzas, pasará de inmediato a ser propiedade única do Concello de Lalín, quen tomará posesión do mesmo.

A concesionaria levará a cabo todas cantas actuacións materiais e formais dela dependan co obxecto de que a citada entrega de propiedade e posesión no estado en que se atopa actualmente se leve a cabo na forma indicada, facultando en todo caso ó Concello, de forma expresa e tan ampla como fose necesaria, para realizar no seu nome as citadas actuacións, correndo neste caso de conta e risco do Concello cantos gastos se deriven por tal motivo.

2.- O Concello indemnizará a Concesionaria, por todos os conceptos (incluíndo calquera xénero de indemnización por danos e prexuízos), **o importe total de DOUS MILLÓNS NOVECENTOS CINCUENTA MIL EUROS (2.950.000 €)**, abono que se levará a cabo unha vez que sexan firmes en vía administrativa os acordos municipais adoptados e que se acredite a presentación do escrito de desistimento do proceso contencioso en curso pola empresa concesionaria no xulgado correspondente, da seguinte forma:

- O importe de 2.200.000 € no prazo máximo de dous (2) meses a contar dende o día seguinte ao da adopción deste acordo polo Pleno da Corporación.

- O importe restante, que ascende a 750.000 €, nos tres (3) primeiros meses do ano 2016.

3.- Para o establecemento da cantidade indicada, tivéronse en conta os seguintes parámetros, que as partes aceptan sen reserva ningunha:

- Establécese como valor do Parking segundo o estado no que actualmente se atopa, atendendo á valoración realizada por *D. Javier Bugallo Thielen* en calidade de Arquitecto asesor municipal e *D. Antonio Bernárdez Nogueira* como Arquitecto técnico municipal, o de 3.210.599,37€ (IVE no incluído).

- Iniciado o correspondente expediente (letra c do apartado 1, e apartado 2 da parte dispositiva dos acordos plenarios de 25-08-2013 e 27-05-2013, respectivamente, en relación co apartado cuarto do acordo nº 12.4 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 27-05-2013), tendo en conta os informes técnicos municipais realizados para o efecto, e concorrendo as circunstancias ás que se refire o art. 143.1 da Lei 30/1992, acórdase repartir as responsabilidades habidas entre as partes nun 30 % para o Concello e nun 70 % para a Concesionaria e o persoal ó seu servizo, tendo en conta para elo o grao de participación de cada parte nos erros producidos na redacción do proxecto, na súa licenciamiento, na execución da obra e na súa recepción, todo elo segundo declararon as sentencias xudiciais firmes anteriormente referidas.

- Neste reparto de responsabilidades inclúese a devolución e a cancelación da fianza definitiva constituída para a explotación pola empresa concesionaria de 18.000 € mediante aval bancario e a entrega voluntaria pola concesionaria ó Concello do 70 % da citada garantía definitiva que ascende a 12.600 €, por ser este o seu grao de responsabilidade, entendendo que este importe xa se tivo en conta na fixación do prezo

definitivo establecido na cláusula segunda punto 2, acordos que o Pleno adopta expresamente neste acto.

- O seguinte punto a ter en conta, unha vez detraída a cantidade obxecto do reparto de responsabilidades, pasouse a compensar a cantidade que debe o concesionario en concepto de IBI segundo se explica a continuación:

Na referida cantidade tívose en conta o importe do Imposto sobre Bens Inmóveis abonado pola concesionaria. Así, dende o ano 2010 ata o ano 2012 non procede o seu abono por estar clausurada a instalación do parking por resolución xudicial. Quedan anulados por tanto os recibos do IBI dos anos 2010, 2011 e 2012 por importes de 17.895,46, 17.264,53 y 16.848,16 €.

A cantidade correspondente ó IBI do exercicio 2010, abonada no seu día indebidamente por Portas y Acuña Inmobiliaria S.L., queda compensada en parte co importe pendente do IBI do ano 2013 (IBI 2013: 17.605,18), resultando unha diferenza a favor do Concello de 709,7 €.

En consecuencia, Portas y Acuña Inmobiliaria S.L. ten pendente de pago os recibos do IBI dos exercicios 2014 e 2015, correspondendo este último a nove (9) meses (estimativa do IBI de 2015 sobre un total de 17.605,18 €) e a diferenza exposta no parágrafo anterior. Todo isto por importe de 19.369,88, 13.203,89 e 709,72 €, respectivamente, que forman parte do prezo definitivo.

Enténdese que este reparto xa se tivo en conta, e incluído, na cantidade establecida no apartado 2 anterior.

- Por último, detráese unha cantidade de 7.278,42 euros polos posibles gastos nos que teña que incurrir o Concello derivados do último parágrafo do punto primeiro do apartado segundo na parte de proposta deste escrito.

Enténdese que esta cantidade xa se tivo en conta, e vai incluída, na cantidade establecida no apartado 2 anterior

Terceiro.- O presente acordo queda condicionado resolutivamente ó desistimento pola Concesionaria demandante, e á súa aceptación e arquivo polo Xulgado, do procedemento xudicial ó que se refire o segundo parágrafo do expositivo 4º anterior e ademais ó transcurso do prazo de recursos para que o acordo sexa firme en vía administrativa.

En virtude deste acordo a Concesionaria renuncia tamén a formular contra o Concello de Lalín no futuro calquera tipo de reclamación xudicial ou extraxudicial que se refira ou teña relación directa ou indirecta co contrato que se resolve.

Así mesmo o Concello de Lalín renuncia a formular contra o concesionario calquera tipo de reclamación xudicial ou extraxudicial que se refira ou teña relación directa ou indirecta co contrato que se resolve.

8.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 6-P/2015.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 12 de agosto

de 2015. A continuación o Sr. Secretario deu lectura do **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 24 de agosto de 2015**.

Brevemente o **Sr. Secretario** explicou o contido do expediente, os fins e partidas que se ampliaban e se dotaban de orzamento e as partidas que financiaban as mesmas.

Non houbo intervencións ao respecto dos voceiros.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, dez (10) do PP e un (1) do BNG, **APROBOUSE** o expediente e a proposta da Alcaldía de data 4 de agosto de 2015, do seguinte tenor:

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito número 6-P/2015, a financiar mediante o remanente líquido de tesourería do peche do 2014, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para as seguintes finalidades:

En concreto, trátase de ampliar o crédito na aplicación orzamentaria do Parking Europa, xa que unha vez adquirido o inmovible, hai que reparar unhas deficiencias na instalación que están definidas na memoria que acompaña ao expediente, e elaborada polo arquitecto técnico municipal *D. Antonio Bernardez Nogueira*, sendo urxentes e imprescindibles para a posta en funcionamento do inmovible e para evitar que siga o seu deterioro, así como para comezar a prestar o servizo o máis axiña posible aos lalinenses, xunto coa necesidade de dotar crédito nas aplicacións orzamentarias para o normal funcionamento do aparcamento como é o subministro eléctrico e a limpeza.

Á vista da documentación que se achega ao expediente, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario e Suplemento de crédito financiado mediante o remanente líquido de tesourería do peche do 2014, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do Presuposto de Gastos á que se dota de Suplemento de Crédito:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
133. 622.43	Ordenación do Tráfico e do Estacionamento Parking Europa	82.170,50 €
TOTAL ALTAS DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO		82.170,50 €

2.- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
133. 221.00	Ordenación do Tráfico e do Estacionamento	2.600 €
	Enerxía Eléctrica	
133. 221.00	Ordenación do Tráfico e do Estacionamento	3.000 €
	Limpeza e Aseo	
TOTAL ALTAS DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO		5.600,00 €

3.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito: Fináncianse con Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2014, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos.

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

9.- MOCIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.-

9.1.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA IMPLANTAR A TRANSPARENCIA NO CONCELLO DE LALÍN.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 19 de agosto de 2015 e rexistro de entrada do mesmo día co número 5445. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación*** do día 24 de agosto de 2015.

Por parte do grupo de goberno, ***Dª. Lara Rodríguez Peña***, da APAC explicou o contido da proposta. Referiuse á fundamentación da mesma e á lei da transparencia e leu a parte dispositiva.

Polo BNG, ***D. Xosé Manuel López Fernández*** amosouse algo sorprendido por esta moción, xa que era unha invitación ou unha solicitude dun membro do grupo de goberno ao propio grupo de goberno a facer cousas. Entendía que a función do goberno era facer e actuar. Sobre o fondo indicou que non a podía apoiar, e votaría en contra porque a moción adoecía de

falta de concreción e parecía unha mera declaración de intencións do goberno.

Polo grupo do PP, **D. José Antonio Rodríguez Fernández** explicou que a transparencia que era o que perseguía a dita norma, era como a cultura, algo que non se implantaba, senón que o goberno ao estar no dito posto tiña que exercer como tal, e actuar, levándoa a cabo e exercéndoa; eles estaban na oposición.

Indicou que durante a súa etapa como concelleiro delegado do anterior goberno algunha cousa se fixo xa neste eido. Engadiu que na publicación de datos, en *internet* en concreto, había que ter coidado e subir aqueles datos que legalmente procedan e evitar aqueles que non deban.

Doutro xeito os datos que se publiquen tiñan que ser comprensibles para os cidadáns. El propuña que se fixera o que se estivo facendo no anterior grupo de goberno. Mesmo pediu que se podía deixar para a vindeira sesión do Pleno e traer a aprobación dunha Ordenanza municipal que regulase todos estes aspectos. Tamén durante a súa delegación no anterior equipo se tentou poñer en marcha a administración electrónica e déronse os primeiros pasos.

Visto o anterior, a moción parecía unha declaración de intencións, "*un canto ao sol*" que facía o grupo de goberno.

Finalmente indicou que estas medidas que se propuñan custarían cartos e no orzamento do ano 2016 habería que dotar unha partida para estes cometidos.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, indicou que esta circunstancia de dotar de dotación económica unha partida para empezar para poñer en marcha as medidas da transparencia era algo que xa estaba previsto introducir nos orzamentos do ano 2016.

En defensa da moción, indicou que estaba bastante de acordo co que se dixo, tanto na moción, como no debate polos ditos representantes. A moción respondía a unha necesidade de autoesixencia do propio goberno municipal, e de facilitar aos veciños os datos e os documentos necesarios para que saiban o que se facía desde o goberno municipal.

Tamén estaba aberto a contar coa ordenanza de transparencia e de participación cidadán, a fin de contas o que se trataba era de facer da organización municipal unha entidade transparente e participativa.

Na segunda rolda **D^a. Lara Rodríguez Peña** ratificouse no xa dito, e engadiu que a idea de contar cunha ordenanza municipal para implantar a transparencia lle parecía estupenda.

Tamén a **D^a. Teresa Varela Fisteus** do grupo CXG-CCTT parecíalle ben contar cunha ordenanza reguladora neste eido.

Pola formación socialista **D. Nicolás González Casares** indicou, tras escoitar as verbas do representante do PP, que seguramente **D. Manuel María González Aller** e **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez**, edís socialistas na oposición no anterior mandato, alucinarían tras escoitar as mesmas, referidas á transparencia do dito goberno anterior, porque non foi así.

Coidaba que ata hoxe non se había nada feito para implantar a transparencia no Concello. A moción e o que se pedía na mesma xurdiu tras o actual pacto de goberno. Non era o mesmo o que se pactou agora co novo goberno que o que había antes. Agora a transparencia ía da man do pacto de goberno e procurárase implantala entre todos. Reiterou que tampouco houbo administración electrónica ata agora. O novo goberno si que estaba aberto a implantar e a levar a cabo todas aquelas medidas necesarias.

Finalmente rematou o debate **D. José Antonio Rodríguez Fernández**, que pediu a modo de emenda transaccional que se inste ao goberno a dotar dun sistema integral de transparencia e acometa a elaboración dunha ordenanza para implantar a transparencia. Pediu tamén unha reflexión sobre o vindeiro exercicio 2016 e indicou que non estaba a prol de meter no mesmo saco a transparencia e a participación.

Aceptado este último inciso polo grupo de goberno e sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: vinte (20), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e dez (10) do PP.

Votos en contra: un (1) do BNG.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **APROBOUSE a moción** do seguinte tenor:

A transparencia é un valor democrático ligado á veracidade, fiabilidade, calidade, accesibilidade e oportunidade da información producida polas institucións para o público en xeral e para todos os colectivos interesados no conxunto ou en parte das súas actividades, fontes de financiamento e política de gastos, así como nos seus obxectivos, resultados e dificultades.

A cidadanía ten dereito a coñecer, e para iso temos dereito a obter información comprensible e veraz, oportuna, completa e actualizada, porque isto xera a confianza da sociedade nas súas institucións públicas. Esta non é unha tarefa pasiva, de deixar ver, senón que ademais require de políticas que manteñan a cidadanía ben informada.

A transparencia na xestión pública é a base fundamental do estado de dereito. O coñecemento pola cidadanía da actuación dos poderes públicos é un requisito esencial para que se poida falar dunha sociedade plenamente democrática. A transparencia xera confianza nas institucións e é un instrumento eficaz para evitar a corrupción. Así mesmo, a transparencia estimula a participación da cidadanía na xestión dos asuntos públicos.

A lexislación nesta materia debería aplicar o principio de transparencia nas institucións, porque é unha normativa de obrigado cumprimento. Así, a Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE 10 de decembro de 2013) dispón na súa disposición final novena en canto á súa entrada en vigor, que as entidades locais disporán dun prazo máximo de dous anos para adaptarse ás disposicións da lei de transparencia, prazo que vence o 10 de decembro de 2015. A nivel autonómico está a Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

Xa que logo, **o Pleno ACORDOU:**

Instar ao Goberno municipal de Lalín a que implante un sistema integral de transparencia que contemple:

- 1.- A elaboración dunha ordenanza reguladora da transparencia.
- 2.- A elaboración dunha métrica para poder verificar o grao de cumprimento da mesma

cando se estea a implantar.

3.- Comprometerse a incluír nos orzamentos de 2016 unha partida para implantar a verdadeira Eadministración.

9.2.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA DECLARAR O RURAL DO CONCELLO DE LALÍN COMO ZONA DE URXENTE REHABILITACIÓN E RECUPERACIÓN.-

A Presidencia deu conta desta moción con rexistro de entrada do día 20 de agosto de 2015 co número 5447. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 24 de agosto de 2015.***

Na defensa da moción, o Sr. Alcalde-Presidente, ***D. Rafael Cuíña Aparicio***, destacou que se trataba coa moción de resaltar a importancia que este goberno quería dar ao mundo rural de Lalín. Para elo estaban traballando xa desde o primeiro día con medidas concretas nesta dirección. Traballaron antes, agora e seguirían traballando a prol do rural.

Ata agora o certo era que estivo moi desatendido. Isto non só o dicía el, senón que o escoitaba todos os días en boca dos veciños cando visitaba as parroquias e os lugares. Agora tiña que buscar remedios a moitos problemas que durante moitos anos non se combateron desde o goberno municipal. A moción era voluntarista, de autoesixirse esta atención ao rural.

Desde o BNG, ***D. Manuel Fernández López*** indicou que coincidía coa moción no importante. Non obstante vía algo borrosa a mesma, xa que non entendía que o propio goberno municipal se instase a sí mesmo. O lóxico sería que actuase, con medidas concretas para atender os problemas concretos dos cidadáns.

Desde a APAC, ***D^a. Lara Rodríguez Peña*** sinalou que non tiña nada máis que dicir.

Tamén ***D. Nicolás González Casares*** non engadiu nada.

Polo grupo popular, ***D. Xosé Crespo Iglesias*** indicou que a moción lle parecía unha carallada. Amosaba que a xestión municipal era nula neste eido.

Resaltou que o rural sempre estivo atendido polos seus gobernos anteriores, e a proba delo eran os millóns de euros que se investiron no mesmo durante tanto tempo.

Salientou que o Sr. Alcalde descoñecía a realidade rural de Galicia. Lalín estaba entre os concellos da súa categoría que maiores servizos prestaba aos veciños do rural e que contaba coas maiores infraestruturas para os seus veciños.

O que faría falta sería un plan integral que reúna todos os investimentos para atenderen as necesidades e de todos os lugares. Para elo cumpría facer un maior investimento.

Rematou esta primeira intervención indicando que a xestión do goberno anterior para o rural foi moi boa ou boa polo menos. Preocupouse de acudir á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial para traer cartos.

Tomou a palabra por segunda vez o Sr. Alcalde. ***D. Rafael Cuíña Aparicio*** repetiu que a moción era unha provocación, para chamar a atención sobre o estado de abandono do rural. Indicou que visitou e visitaba o rural agora. Referiuse á parroquia de Catasós, que visitou en anteriores ocasións, co anterior goberno municipal e desde 1979, cando aínda non había luz

eléctrica nalgúns lugares. Durante un tempo dedicáronse moitos cartos ao rural. Era certo. Pero agora coidaba que ou ben por cansancio, por abandono ou polos anos de goberno non se atendeu aos veciños do rural. Agora todos os días atendíanos e visitaba asiduamente as parroquias e os lugares do rural.

Lalín era un concello rural no había que facer traballo constante para darlle uns servizos axeitados. Desde logo non se atendía estando nas tabernas e nos restaurantes. Rematou neste segunda rolda, indicando que había zonas completamente abandonadas, que se ben non eran zonas catastróficas, ás veces sentía a tentación de solicitar esta declaración para as mesmas.

Desde o BNG, **D. Xosé Manuel López Fernández**, dixo que o rural non estaba atendido, e en referencia ao voceiro popular: *había cousas e cousiñas*”.

Outra vez, o voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que reiteraba o xa dito, o goberno municipal tiña que facer política, xestionar e conseguir cousas, o e non meter fume. Había que dotar de sumidoiros a moitos lugares, facer obras, e non efectuar meras declaracións de intencións.

Por alusións **D. Rafael Cuíña Aparicio** sinalou que todas as parroquias lle preocupaban, e tamén as que non tiñan sumidoiros.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** resaltou as dificultades que había para xestionar o rural. Dilo sabía ben o seu goberno anterior, poñendo por exemplo que cando se atendeu ás peticións dos veciños para levar os sumidoiros a Botos, só unha persoa se engancho ao servizo. Tamén as depuradores de augas residuais había que cambialas cada vinte e cinco anos.

Resaltou que Lalín hoxe estaba nos postos de cabeza na atención do rural, e os anteriores gobernos municipais meteron moitos millóns de euros durante moitos anos. Indicou que o labor do goberno anterior non era tan fácil de explicar en tan breve espazo de tempo.

En suma, a moción non respondía a nada concreto e votarían en contra.

Finalmente, afirmou que se a poboación abandonaba o rural, de nada serviría esforzarse e dar servizos aos mesmos.

Por alusións **D. Rafael Cuíña Aparicio** recoñeceu o traballo do goberno anterior, pero insistiu en que durante os oitos últimos anos, o rural estivo desatendido. Referiuse as posibles multas polas contaminación de depuradoras de augas residuais.

Entrouse de seguido nun debate a tres nos que interviñeron o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, **D. Antonio Rodríguez** e **D. Xosé Crespo Iglesias** en relación con peticións dos veciños de Cristimil e Cangas, coa xestión do anterior goberno, e en especial do concelleiro delegado do rural e **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** e relacionadas con algunhas declaracións aparecidas nas redes sociais.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE e un (1) da APAC.

Votos en contra: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do BNG.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **REXEITOUSE** moción.

9.3.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO SOBRE A LIQUIDACIÓN EMITIDA POLO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA EN RELACIÓN COAS ESCOLAS INFANTÍS.

A Presidencia deu conta desta moción con rexistro de entrada do día 20 de agosto de 2015 co número 5448. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 24 de agosto de 2015.***

Na exposición da mesma, o edil delegado de Benestar Social, ***D. Nicolás González Casares***, explicou o contido da proposta. Había que dicir que ignoraba que o Concello actuase antes ou ben realizase xestións contra estas liquidacións; por elo coidaba que algúns edís non estaban a dicir a verdade cando faloron deste tema nos medios de comunicación. Agora si houbo contactos e xestións da Xunta de Galicia e do Concello. Ademais, había que partir de que estabamos diante dunha competencia impropia, allea ao Concello, pero que o Concello debía exercer.

Sinalou que estaba en vigor un convenio administrativo regulador da colaboración entre ámbalas dúas administracións, pero a liquidación aportada non se axustaba ao mesmo. Houbo un acordo da Xunta de Goberno para recorrer a dita liquidación, e o equipo de goberno coidaba que había que reducir a mesma nun cincuenta por cento.

Engadiu que había moitos máis concellos nesta situación e non só Lalín. Desde logo non estaban de acordo coa mesma e esixirían cumprir o pactado.

Leu de seguido as tres partes da moción que concretaban a parte dispositiva. Logo falou do tema de persoal e da redución do mesmo que pretendía facer a Xunta de Galicia, eliminando varios postos de traballo das dúas Garderías, dous na do Polígono e un na de Pontifias. Ademais, había rumores de que a Xunta de Galicia pretendía pechar unha das dúas garderías.

Desde o BNG, ***D. Xosé Manuel López Fernández*** resaltou este tema pola transcendencia dos servizos sociais, e as garderías que formaban parte da mesma. Lembrou que o que trouxo este servizo a Lalín foi o goberno bipartito da Xunta de Galicia anterior ao actual goberno. Eran preocupantes os anunciados recortes de cartos e de persoal que se pretendían acometer. En resume, había que tentar negociar con esta entidade e desde logo facer cumprir o pactado.

Polo grupo popular, a edil ***D^a. Paz Perez Asorey*** salientou que o seu grupo estaba de acordo coa moción, pero con algúns matices. Por exemplo cando se dicía que non había coñecemento de que o anterior goberno municipal actuase contra estas liquidacións, se dicía algo que non era certo. A este respecto, podía afirmar que si que as houbo e que ela mesmo participou en varias xuntanzas nas que se abordou este asunto.

Por alusións ***D. Nicolás González Casares*** indicou que nos documentos recentes do Concello non aparecía ningún dato ou documento que demostre esas supostas xestións.

Seguiu a falar **D^a. Paz Pérez Asorey** indicando que podía aportar probas das xestións que se fixeron neste sentido, mesmo xa daquela co Sr. Xerente do Consorcio, **D. Roberto Rodríguez Martínez**. Indicou tamén algunha data como unha xuntanza que houbo o trinta de xaneiro deste mesmo ano, á que asistiu.

En canto ao que se pedía na moción, estaba de acordo en crear unha comisión mixta; tamén estaba de acordo coa primeira parte de acordo e pedía introducir un só matiz. Como emenda transaccional non só debían reclamarse as cantidades do período 2014-2015, senón tamén ampliar as reclamacións ao período 2013-2014.

Pedía finalmente que se engadise un apartado cuarto, no sentido de que o goberno municipal solicitase á Xunta de Galicia o mantemento das instalacións e os servizos das dúas garderías de Lalín e que no seu defecto o Concello se comprometiese a consignar nos orzamentos do ano pasado unha partida.

En resposta **D. Nicolás González Casares** indicou que si aceptaban o punto segundo no sentido de que se elaborase un convenio marco para regular a organización e o funcionamento destas instalacións para toda Galicia. No punto 3, de retrotraer un ano máis, estaba tamén de acordo, preguntándose polas razóns de que non se pedira antes.

No fondo estaba algo que non encaixaba, e residía no feito de que o Concello non seleccionaba o persoal, non xestionaba o servizo e agora querían que pagase máis do acordado.

Estaba de acordo en facer xestións para que a Xunta de Galicia acometa os arranxos e reparacións. En principio non se ía crear unha partida orzamentaria, porque coidaba que tras o último contrato de subministro de material, a Brigada de Obras podería acometer a mesma. Había tamén que ver a natureza das obras e ver se eran ou non de investimento ou de reparación.

Por alusións **D^a. Paz Pérez Asorey** estaba de acordo en acometer os pequenos arranxos, xa que seguramente non farían falta os grandes obras.

Rematou o debate o representante nacionalista **D. Xosé Manuel López Fernández**, reiterando o xa dito, e indicando que o este servizo implantouse polo anterior goberno, coa denominación de Galescolas.

Sometida a votación ordinaria a moción e a emenda do grupo popular, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, dez (10) do PP e un (1) do BNG, **APROBOUSE** a moción e a emenda do grupo popular, do seguinte tenor:

Con data do 27 de marzo o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (en adiante Consorcio) remitiulle ao Concello de Lalín un informe relativo á liquidación provisional dos convenios para a xestión das escolas infantís do Polígono e do Pontañas. Non se ten coñecemento de ningunha acción formal por parte do Concello de Lalín para alegar a esa proposta de liquidación nin ningunha comunicación coa Consellería de Emprego e Benestar ou ao mesmo Consorcio para solucionar tal situación lesiva para os intereses do Concello de Lalín.

Novamente con data do 6 de agosto recíbese neste Concello a proposta de liquidación por parte do Consorcio.

A cantidade solicitada por parte da administración autonómica, en concepto de achega do Concello de Lalín en virtude do convenio de colaboración, ascende a 378.469,48 euros para a gardería do Pontañas, e a 491.604,43 para o centro do Polígono correspondente aos exercicios

2008, 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013.

Ante esa situación que estimamos inxusta e que vai contra dos intereses do Concello de Lalín, o concelleiro de Benestar Social e a concelleira de Facenda propoñen a aprobación das alegacións pertinentes para deter este abuso por parte da administración autonómica. O texto foi aprobado na pasada Xunta de Goberno Local do luns, día 10 de agosto e aquí se transcribe na súa totalidade para coñecemento dos diferentes grupos políticos:

“PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Con data do 6 de agosto de 2015 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Lalín proposta de liquidación provisional do Convenio de Colaboración para a xestión da Escola Infantil de Lalín-Polígono correspondente aos exercicios 2008 a 2013, emitida polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia.

Segundo expresa o escrito remitido polo Consorcio xunto coa liquidación, de non estar de acordo coa liquidación practicada, o Concello deberá remitir as súas alegacións no prazo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da citada comunicación; á vista das referidas alegacións e, co fin de seren resoltas, no seu caso as discrepancias que poidan ter xurdido en relación coa documentación remitida por parte do Consorcio convocarase a Comisión de Seguimento do Convenio de xestión da Escola Infantil, ao ser esta o órgano competente para a resolución das dúbidas ou discrepancias que poidan xurdir na interpretación do Convenio. Transcorrido o prazo indicado no parágrafo anterior sen teren sido presentadas alegacións á liquidación inicialmente practicada, o Consorcio remitirá a devandita liquidación con carácter definitivo xunto co correspondente requirimento de pago, no seu caso.

Á vista de liquidación emitida e dos antecedentes obrantes no expediente, **propoño á Xunta de Goberno a formulación das seguintes Alegacións á liquidación provisional do Convenio de Colaboración para a xestión da Escola Infantil de Lalín-Polígono correspondente aos exercicios 2008 a 2013:**

En relación á proposta de liquidación formulada polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar correspondente ao citado período 2008 a 2013, por importe total de 491.604,43 € en concepto de achega do Concello de Lalín en virtude do Convenio de colaboración asinado entre o mesmo e o Consorcio para a xestión da Escola Infantil do POLÍGONO, **formúlense as seguintes:**

ALEGACIÓNS:

Segundo o disposto na cláusula Cuarta do Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar e o Concello de Lalín para a xestión da Escola Infantil do POLÍGONO, a vixilancia e seguimento do mesmo encoméndase a unha comisión mixta integrada pola Xerencia do Consorcio e o Alcalde de Lalín, ou persoas en que deleguen; á citada Comisión Mixta Consorcio-Concello atribúense determinadas funcións, entre as que están “o seguimento dos gastos da escola que serán remitidos anualmente polos Servizos Técnicos do Consorcio” e “a aprobación da xustificación de gastos realizados”, sen que neste Concello exista constancia da aprobación da xustificación dos gastos correspondentes aos exercicios 2008 a 2013, polo que requirimos do Consorcio a certificación do acordo de aprobación da xustificación de gastos realizados e da liquidación emitida, adoptados polo órgano competente.

Neste sentido, respecto da proposta de liquidación asinada polo Técnico Contable do Consorcio, dos datos obrantes no expediente non resulta acreditada a aprobación da xustificación de gastos realizados en concepto de xestión da Escola Infantil Pontiñas durante os exercicios en cuestión, sendo o órgano competente para a súa aprobación, segundo se desprende dos termos do convenio en cuestión, a Comisión Mixta Consorcio-Concello. En consecuencia, a emisión da citada liquidación, en base ao informe de liquidación de gastos emitido polo mesmo Técnico económico-contable dese organismo, adoece dun vicio invalidante, por canto sería nula de pleno dereito, ao ter sido adoptada por órgano manifestamente incompetente, en virtude do disposto no artigo 62.1.b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Así mesmo, a cláusula Terceira do Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar e o Concello de Lalín para a xestión da Escola Infantil do POLÍGONO, relativa ás obrigas da partes, establece que: ***“O Consorcio farase cargo de tódolos gastos derivados do funcionamento e equipamento da Galescola posteriores á sinatura deste Convenio. O Concello cederá o uso do inmovible adicado a Galescola situado no Polígono Empresarial Lalín 2000, parcela E, rúa E, asumindo un terzo dos gastos totais da xestión integral do centro, segundo o anexo I”.***

En virtude da citada cláusula, por parte do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar emítase a citada proposta de liquidación, sen que da documentación obrante no expediente resulte acreditado o gasto realizado polo Consorcio en concepto de xestión da escola infantil do Polígono do Concello de Lalín, polo que, por parte deste Concello requírese a acreditación do importe a que ascenden os gastos totais, desglosados por conceptos, do mantemento de Galescola, entendendo por tales os detallados no Anexo I do convenio de referencia.

De feito, na documentación remitida a este Concello consta un certificado dos gastos desglosado por capítulos, no que se recolle o gasto realizado polo Consorcio con cargo ao Cap. I (Gastos de persoal) e ao Cap. II (Gastos correntes en bens e servizos); non obstante, no Anexo I do Convenio entre o Consorcio e este Concello, no que se recollen os gastos que asume esta administración, non se inclúen gastos de persoal, polo que este Concello non ten a obriga de asumir o citado custo.

En virtude do exposto, **solicítase do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar** a anulación da proposta de liquidación emitida en concepto de achega do Concello de Lalín en virtude do Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar e este Concello para a xestión da Escola Infantil do Polígono, correspondente aos exercicios 2008 a 2013 así como o sometemento á Comisión Mixta Consorcio-Concello da xustificación dos gastos, conforme ao Anexo I do Convenio de referencia, que poida servir de base para a aprobación da liquidación que proceda polo órgano competente.”

Por outra banda, de forma oficiosa pero confirmada polos propios traballadores das escolas infantís e posteriormente ratificada ante os medios de comunicación dende o Consorcio, sen mediar ningunha comunicación a este Concello, confirmase o recorte de varios postos de traballo nas dúas escolas: dúas traballadoras menos no Polígono e un menos no Pontiñas, sen que haxa un motivo obxectivo para tal rebaixa de persoal pois a matrícula na Escola Infantil do

Pontiñas mantense e ten lista de espera e na do Polígono estase recuperando.

En vista dos motivos anteriormente expostos o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

1. Esixir ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Consellería de Emprego e Benestar a retirada da proposta de liquidación por non axustarse ao convenio asinado.
2. Iniciar as pertinentes accións na FEGAMP para xunto con outros concellos afectados polo mesma situación establecer negociacións para conseguir un convenio marco entre a FEGAMP e a Xunta de Galicia coa Consellería de Emprego e Benestar e para defenderse pola vía contencioso-administrativa, se fose necesario.
3. Reclamar ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Consellería de Emprego e Benestar que se mantenga a dotación de persoal nas escolas infantís de Lalín no mesmo número que no curso 2013-1, así como os importes da liquidación correspondentes á mesma.
- 4.- Comprometerse a consignar nos orzamentos xerais do ano 2016 unha partida destinada aos gastos de investimento e de reparación e de conservación das ditas instalacións.

10.- MOCIÓNS DO PP.-

10.1.- MOCIÓN DO PP PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA PISTA DE ATLETISMO E CAMPO DE RUGBY DE LADO DO LALÍN ARENA.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 5 de agosto de 2015 e rexistro de entrada do día 6 de agosto de 2015 co número 5147. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 24 de agosto de 2015.***

Por parte do grupo popular e propoñente, ***D. José Antonio Varela Quintela*** defendeu a mesma, destacando que sería conveniente contar nun mesmo lugar coas instalacións de atletismo e de Rugby, tal e como ía no seu programa electoral. Coidaba que deste xeito estarían ubicadas ámbalas dúas instalacións nun lugar moi céntrico para todos, e a man de todos, e non alonxados como estaban agora, en referencia ao campo de rugby que estaba en Barcia. Finalmente leu o que se pedía na moción.

Por parte do BNG, ***D. Xosé Manuel López Fernández*** amosouse partidario de establecer as prioridades e necesidades nese eido do deporte. Indicou que o Concello acababa de formular un importante gasto na adquisición do parking. Estaba de acordo en establecer prioridades, como eran as do eido sanitario, no benestar e educativo, pero, que si que eran necesidades

Pola APAC, ***Dª Lara Rodríguez Peña*** indicou que a xestión do anterior goberno tiña que ver moito coa imposibilidade de levar acabo actuacións do novo goberno, xa que se gastaron moitos cartos en grandes obras. Había que ver o que pensaba o club de rugby. Coidaba que non

eran necesarias unhas novas instalacións, porque xa se contaba co campo de herba de Barcia.

Desde o banco socialista, **D. Nicolás González Casares** sinalou que era unha demanda do PP de hai catro anos, de levar o campo de rugby. Era certo que a demanda era grande, pero había que estudalo. Estaban de acordo en habilitar unhas pistas de atletismo pola demanda existente, pero non era unha prioridade nestes intres.

Lembrou que pediu datos, e aínda que o técnico asesor-arquitecto non fixo un informe sobre o custe dos terreos a adquirir; para empezar, sería duns catrocentos mil euros. Logo virían as obras. Todo elo representaba unha dotación de cartos moi importante para este momento en que estabamos a vivir.

En canto á ubicación, non podía afirmar nada definitivo; xa se vería no futuro a mesma. De todos os xeitos coidaba que o máis probable era que de crearse estas instalacións agora en debate, o lugar non sería o sinalado na moción. Dirían non á proposta.

O Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** indicou que esta moción ía recollida no programa do PP. Coidaba que a moción era de boa fe e construtiva, pero eles tiñan todo un mandato para pensar isto. O que era certo era que o club de Rugby de Lalín, e estaba presente na sesión un representante do mesmo, non aceptaba o lugar proposto.

Había que dicir que a proposta supuña gastar catrocentos cincuenta mil euros nestes intres en que había outras prioridades. Lembrou que había moita xente necesitada, aludindo a que recibía a diario a persoas con moitas necesidades, referíndose a unha nai con sete fillos e con cen euros de pensión; contábase con moitos déficits no eido educativo e sanitario en Lalín, como para detraer ese considerable importe e dedicalo a iso. Sería un desperdicio e ninguén o entendería. Por iso agora, nestes intres e circunstancias, dirían non á proposta.

De novo **D. José Antonio Varela Quintela** indicou que tamén era unha necesidade real atender aos deportistas. Tamén eran persoas como as demais as que se exercitaban nas instalacións. Non era lóxico realizar o mantemento do actual campo de rugby en Barcia polo seu custe e lonxanía, coidando que tiña que estar próximo ao Concello, e na parte próxima ao *Lalín Arena*.

Por alusións **D. Nicolás González Casares** aludiu ao proxecto de levar o campo de rugby para a parroquia de Muimenta.

De novo o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio** pediu que se atendesen ás necesidades. O campo de Rugby contaba con instalacións suficientes. Agora non era una prioridade acometer obras de grande envergadura polos moitos cartos que había que meter nesta instalación. Había todo un mandato por diante e moito tempo para estudar este asunto.

De novo **D. José Antonio Varela Quintela** indicou que tamén eran persoas as que necesitaban esas instalacións, e insistía en que había que actuar de acordo cos clubs.

Interveu o voceiro popular **D. Xosé Crespo Iglesias**. Indicou que había que ver as necesidades reais destes intres. O que se pedía coa súa moción era iniciar o expediente, que contaría con varias fases na súa execución. Empezaría pola adquisición dos terreos e logo seguiría coa construción das instalacións. O proceso era longo e complicado, lembrando que cando se fixeron as obras de rehabilitación do Pazo de Liñares e no CAR, o Concello tiña os

terreos e apenas tivo que poñer cartos ao principio.

Inicialmente tentaría conseguir os terreos amistosamente, e se non fose posible, coa expropiación dos mesmos. Lembrou que nesas actuacións, o Concello non puxo case nada ao inicio, á espera da fixación do xustiprezo. Só había que dotar inicialmente as partidas orzamentarias con algúns cartos, e logo esperar ata que se fixe o prezo final ou ben conseguilos con convenios urbanísticos. Deste xeito, o Concello podería dispor dos terreos e acometer as obras.

Aludiu á intención inicial de levar o campo de rugby para Muimenta e ao cambio posterior. Indicou que no estadio Manuel Cortizo, as gradas estaban afectadas por *aluminosis*, e non se podía contar con elas para case nada. Facía falta contar cun informe técnico ao respecto.

En referencia ao Pazo e Liñares, o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicou que o Pazo de Liñares se fixo grazas á actuación do ministro socialista daquela, o Sr. José Blanco, que non se invitou á inauguración; logo veu a Lalín.

Rematou o debate **D. Nicolás González Casares** para reafirmarse no xa dito. O custe dos terreos afectados rondaría os catrocentos mil euros. Este ano nada podía dotarse nos orzamentos, nin sequera a Federación Española podería aportar cartos para esta iniciativa, xa que tiña moi poucos para toda España, e coidaba que non chegarían para nada os tres millóns de euros. Coidaba que a para Lalín non habería nada.

Na moción se pedía que se inicien os trámites necesarios para a consecución dos terreos na parte de abaixo dos aparcamentos do Lalín Arena, tal e como tiña acordado a principios do ano pasado o goberno municipal coa directiva do Club Rugby de Lalín.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10) do PP.

Votos en contra: once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **REXEITOUSE** a moción.

10.2.- MOCIÓN DO PP RELATIVA Á IMPLANTACIÓN DA ZONA AZUL NA AVENIDA BUENOS AIRES NO TRAMO DEREITO DENDE O CRUCE COA AVENIDA LUÍS GONZÁLEZ TABOADA ATA A RÚA B.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 13 de agosto de 2015 e rexistro de entrada do día 14 de agosto de 2015 co número 5344. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 24 de agosto de 2015.**

Na defensa da moción, o voceiro do PP, **D. Xosé Crespo Iglesias**, explicou o que se pretendía era ampliar o ámbito de aplicación da chamada zona azul, zona de estacionamento regulado polo Concello a esta zona.

Precisou que a moción se presentaba tras unha petición dos veciños neste senso. O seu grupo recollía esta solicitude e presentábaa no Pleno.

Desde a formación nacionalista, a **D. Xosé Manuel López Fernández** non lle parecía normal que tras aprobar a adquisición do estacionamento polo Concello cun elevado custe, se pensase xa nesta outra cuestión que se supón estaría afectada pola mesma.

Preguntou de seguido se na asemblea mantida entre os veciños da zona, acudiu o Director do IES Laxeiro, e en calidade de que, xa a título particular ou como ben representante do centro docente. Había que ter en conta que nesa zona aparcan os seus vehículos o profesorado e os alumnos, e a medida proposta supuña un cambio importante para todos eles. Non o vía polo tanto oportuno. Por elo votaría negativamente.

Reiterou que tras a compra do parking, non procedía adoptar esta medida polo goberno municipal.

Para a representante da APAC, **Dª Lara Rodríguez Peña**, a idea era algo descabellada. Parecíalle estraño que partira dos veciños, xa que non vía a quen beneficiaba, salvo ao dono do establecemento hostaleiro do lugar.

Desde a Alcaldía, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, manifestou que despois de escoitar aos anteriores voceiros e ao representante nacionalista, estaba en contra desta medida e votaría negativamente á moción.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** volveu a insistir en que a petición veu dos veciños, e formulouse tras unha xuntanza dos mesmos. El asistiu á mesma e non sabía en calidade de que estivo o Director do IES Laxeiro.

De novo **D. Xosé Manuel López Fernández** insistía en saber a condición que ostentaba dita persoa na referida xuntanza: se representou ao centro docente ou acudiu a título particular, como se fose un veciño máis.

Repetiu que a xente da eido educativo estaría afectada pola dita medida, porque nesa zona aparcaban vehículos dos profesores e de alumnos.

Por alusións **D. Xosé Crespo Iglesias** reiterou que non sabía se estivo ou non estivo representando ao dito centro docente. Reiterou que o seu grupo recollía as peticións dos veciños neste asunto. El estivo alí e non podía saber se representaban ou non a outras persoas ou entidades á dita persoa, mencionando a algunhas persoas que tamén asistiron á xuntanza.

Rematou o debate **Dª. Lara Rodríguez Peña** para destacar o carácter máis prexudicial que beneficiosa desta medida, no caso de se adoptar, e a súa oposición á mesma.

Na moción pedíase que se implante o sistema de regulamento do estacionamento de zona azul, semellante ao existente noutras rúas do casco urbano, no tramo dereito en dirección subida da Avenida Bos Aires, entre as rúas Avenida Luís González Taboada e rúa B, atendendo á petición por unanimidade formulada polos veciños da devandita rúa.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10) do PP.

Votos en contra: once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **REXEITOUSE a moción.**

10.3.- MOCIÓN DO PP SOBRE A CONTINUIDADE DA AULA DA UNED DE LALÍN.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 20 de agosto de 2015 e rexistro de entrada do mesmo día co número 5465. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***dítame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 24 de agosto de 2015.***

Na defensa da mesma, o voceiro do grupo popular, ***D. Xosé Crespo Iglesias*** defendeu a mesma, relativa á permanencia das instalacións da UNED en Lalín. Indicou que a súa chegada a Lalín foi unha oportunidade. Durante un tempo cumpríu unhas funcións coa perspectiva de posibles ampliacións das mesmas.

Diante de todo era un servizo e un gasto social para a educación.

Desde logo, a denuncia do convenio era unha mala carta de presentación para Lalín. Lembrou que no seu tempo, cando comezou esta Aula, daquela o voceiro socialista, ***D. J. A. Cristóbal Fernández Vázquez***, apoiou a iniciativa.

Era certo que agora había só uns trece alumnos, pero isto non sucedía só en Lalín. Deu cifras doutros centros nos que había 19 alumnos como en Turismo, na cidade de Vigo e cun custe tamén significativo de oitocentos mil euros. En suma, coidaba que había que manter este servizo, nun eido como era o educativo no que Lalín era deficitario.

Por alusións o Sr. Alcalde, ***D. Rafael Cuíña Aparicio***, indicou que non era certo que na prensa ***Dª Katia Margaret Procino Toimil*** lle chamase fantasma a alguén.

Polo BNG ***D. Xosé Manuel López Fernández***, indicou quen en primeiro lugar que a denuncia do convenio non foi consensuada. Estaba de acordo en que o custe deste servizo era excesivo tendo en conta o seu rendemento. Coidaba que se ben a política do seu partido era a de manter todos os servizos neste eido, o certo era que desde o ano 2007, tempo en que iniciou a UNED a súa andadura, ata hoxe, os resultados amosaban que se fracasou. Había trece alumnos e isto amosaba que non había a rendibilidade, xa que non se ampliou a outros estudos e o tecido produtivo de Lalín non se viu afectada. Non se conectou co mundo agrario ni co sector téxtil.

Pola APAC, ***Dª Lara Rodríguez Peña*** dixo que esta non foi unha decisión sinxela, senón ao contrario, moi difícil e por elo meditada. Había que ter en conta a realidade dos servizos que se daban aos alumnos. Os alumnos matriculados nos estudos de inglés tiñan que realizar os exames fora de Lalín, e aquí unicamente se daban servizos de titorías. Non finalizaban o ciclo dos estudos. Resaltou que non foi fácil adoptar esta medida; non obstante tendo en conta que o número de alumnos era de trece, os servizos que daban, e o custe que supuña, coidaba que era mellor para os alumnos que estudasen fora deste centro.

Desde o grupo socialista ***D. Nicolás González Casares***. Dixo que a decisión tomouse dun xeito responsable, non aloucadamente. Había que ver as titulacións que se daban e o custe que

supuña este servizo para o Concello. Non se vía a rendibilidade social para o elevado custe que supuña. En canto aos estudos, antes se facilitaba o acceso aos maiores de vinte e cinco anos. O perfil era parecido ao que había que aquí.

En suma o desembolso deste servizo para atender as titorías de trece alumnos non era suficiente, non se rendibilizaba o seu elevado custe. A elo había que engadir que esta, a de educación, era unha competencia impropia do Concello, que non estaba claro que tivese que prestala.

Desde o grupo CXG-CCTT, **D^a Katia Margaret Procino Toimil** indicou que a decisión tomada polo grupo de goberno non foi unha decisión populista precisamente; foi unha decisión tomada desde a seriedade e desde a responsabilidade, tendo en conta os estudos e os servizos que se daban, escasos para os trece alumnos, que tiñan que desprazarse para realizar os exames. Por elo ían apoiar a proposta.

Estaba de acordo en que se no futuro cambiaban as circunstancias, se abra o centro. Agora mesmo, non o vían así. De todos os xeitos os alumnos tiñan abertos os demais centros públicos e mesmo os privados.

Desde o grupo PP, **D. José Antonio Rodríguez Fernández** indicou en primeiro lugar que el prestaba servizos na UNED de Pontevedra, non en Lalín. Quería deixar claro este aspecto.

Logo destacou que para el e para o seu grupo o ensino era un servizo dos considerados como básicos para a comunidade. A votación sen dúbida deste asunto daría que falar no futuro. Había trece alumnos no centro. Isto era así, pero non xustificaba a medida adoptada.

Indicou que desde o seu inicio se pretendeu vincular este centro co mundo da empresa. Si que se realizaron algunhas actividades para conectar esta instalación co mundo da empresa de Lalín, lembrando algunhas xornadas para o empresariado local, e tamén houbo algunhas ofertas de actividades. Reiterou que a votación desta moción sería histórica.

De novo o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicou que había que desligar as persoas dos partidos políticos. Ao mellor sinalou con ironía que había que atribuír tamén os recortes nos servizos sociais ao goberno do Sr. *Rodríguez Zapatero*.

A realidade era que neste servizo desde o ano 2007 había trece alumnos, cun custe por alumnos e ano de máis de catro mil euros. O grupo de goberno estudou os servizos que se daban, titorías, tiñan que marchar fora para examinarse, e decidiu isto. Para prestar este servizo, potenciárase os bonos de transportes, e outras axudas, co fin de que esas persoas continúen contando cos servizos. Criticou ao PP porque neste eido educativo, criticaba xuntamente o que o contrario do que fai.

De novo **D. Xosé Manuel Fernández López** coidaba que eran gravísimas as alusións que a voceira de compromiso fixo sobre o a posibilidade de continuar estes alumnos os seus servizos en centros privados. O BNG defendía por enriba de todo o ensino público. Había que escapar do mundo privado para o ensino, que era a política que seguía o PP no Estado e na Xunta de Galicia. O modelo do ensino era distinto o que defendía o seu grupo do do PP.

Sobre a cuestión volveu incidir que que a Aula da UNED de Lalín supuña hoxe, tal e como estaba, con trece alumnos, un fracaso na súa xestión, atribuíble ao PP anterior, cando estivo no goberno. Inicialmente podía estar de acordo en que era unha boa idea, pero o custe actual para os servizos que se daban aos trece alumnos era moi elevado.

Lembrou que a política actual do PP, ao contrario do que defendía aquí, era a de efectuar recortes no ensino, referíndose a algún caso concreto en Lalín que el coñecía persoalmente e no que

houbo recortes en educación especial. *“Isto pasaba en Lalín”*, engadiu.

De novo por alusión, **D^a Katia Margaret Procino Toimil** volveu insistir en que o goberno municipal potenciaría o servizo de transporte para os alumnos que quixeran estudar fora de Lalín. Repetiu que a decisión foi tomada tras estudar todas as circunstancias do tema. Había trece alumnos que tiñan que examinarse fora e que unicamente recibían titorías en Lalín. Isto non xustificaba o gasto municipal tan elevado.

Tamén por alusións, **D. José Antonio Fernández Rodríguez** insistía en que o seu grupo defendía claramente a permanencia da UNED en Lalín, e apostaba claramente pola educación.

De novo D. **Xosé Manuel López Fernández** dixo que disentir non era atacar, e os recortes non era todos os iguais, aludindo aos que efectuaba o PP, na Xunta de Galicia e no conxunto do Estado, e esta medida que se ía adoptar.

Por alusións, **D. Xosé Crespo Iglesias** defendeu a continuidade da UNED.

Finalizou o debate o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio** para insistir en que o seu grupo e o goberno municipal defendía tamén o ensino, que esta era unha decisión moi dolorosa, pero á vista do elevado custe, dos escasos servizos, e das posibilidades que tiñan os alumnos de cursar eses mesmos estudos ou continualos noutros centros, había que tomala. Había que ir coas necesidades dos tempos; hoxe había prioridades máis acuciantes ca mesma.

Na moción pedíase que o goberno municipal elabore un Plan de traballo cos responsables da UNED de Pontevedra que permita dar continuidade á Aula da UNED de Lalín este curso e os vindeiros e manter este servizo de primeiro orde no eido educativo.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10) do PP.

Votos en contra: once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **REXEITOUSE** a moción.

11.- MOCIÓNS DO BNG.-

11.1.- MOCIÓN DO BNG PARA A CREACIÓN DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA MUNICIPAL E A APROBACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL QUE O REGULARÁ.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 20 de agosto de 2015 e rexistro de entrada do mesmo día co número 5512. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e***

Educación do día 24 de agosto de 2015.

Na defensa da moción **D. Xosé Manuel López Fernández** defendeu a moción, o que se pedía, a creación dun servizo de normalización lingüística e a aprobación da ordenanza reguladora deste servizo.

Pola APAC, **D^a. Lara Rodríguez Peña** indicou que apoiaría a moción. A carencia deste servizo era unha mágoa para o Concello e hoxe necesitábase contar con algo así.

Por parte socialista **D. Nicolás González Casares**, adiantou o voto afirmativo do seu grupo, en sinal de que estaban de acordo; logo entrou a debater se procedería ou non a contratación dunha persoa en réxime de dedicación exclusiva, a media xornada, ou buscar outras solucións, etc.

Por parte popular, **D. Xosé Antonio Rodríguez González**, indicou que si estaban a favor da moción, pero con algunhas matizacións. Preguntouse se facía falta contar cun técnico cualificado, indicando que non era o momento, e non era das actuacións prioritarias, aludindo as verbas e a actuación do actual equipo de goberno, do goberno das persoas, etc.. A maiores indicou que o técnico a contratar sería un licenciado en filoloxía de lingua galega, cun elevado custe para as arcas municipais, e tería que dar clases e cursos no Concello. En suma non era este o momento oportuno para afrontar este novo gasto. De seguido preguntou se se contaba cun informe de Secretaría Xeral de que se axustaba á legalidade a ordenanza, mencionando os artigos 14 e 24.

Por alusións **D. Xosé Manuel López Fernández** indicou que se o *Sr. Secretario* tiña dúbidas aceptaba deixar sobre a mesa o punto segundo, ó que se refería á aprobación da Ordenanza reguladora.

O Sr. Secretario efectivamente sinalou que nos puntos 14 e 24 e 11.1 e 1.3. había dúbidas, sobre o acceso á función pública, como requisito ou mérito do idioma galego, e nas licitacións como requisito para os contratistas.

De novo o sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicou que a pesar das verbas do Sr. Alcalde, el votaría a favor da moción.

Con esta condicións, de que se deixaba sobre a mesa o punto segundo da moción, á espera de que se estude e podía vir na vindeira sesión, pasouse a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

Xa que logo **APROBOUSE a moción do seguinte tenor:**

Sendo o galego a lingua propia de Galiza e tendo os poderes públicos a obriga de potenciala nos diferentes ámbitos de uso, estimamos de especial relevo a responsabilidade que a Administración Local ten sobre o asunto, por ser a máis estreitamente ligada aos cidadáns. É polo que se fai necesario nun Concello como o de Lalín ter unha ordenanza de normalización

lingüística que marque a pauta a seguir con respecto á legalidade vixente e á auténtica defensa dos dereitos lingüísticos do galego e a súa promoción e difusión pública.

Por todo isto, o **Pleno da Corporación ACORDOU**:

A creación do Servizo Municipal de Normalización Lingüística de Lalín durante o primeiro ano do presente mandato municipal.

O mencionado servizo dependerá organicamente da Concellaría de Cultura e os seus obxectivos principais serán:

- a/ incrementar o uso social da lingua;
- b/ contribuír á completa galeguización da administración local;
- c/ mellorar a calidade das producións lingüísticas.

11.2.- MOCIÓN DO BNG PARA A COLABORACIÓN COA ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL CARA A POSTA EN MARCHA DUNHA PLANTA DE COMPOSTAXE COMARCAL E OUTRAS INICIATIVAS PARA A XESTIÓN DOS R.S.U.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 20 de xullo de 2015 e rexistro de entrada do día 21 de agosto co número 5513. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***dítame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 24 de agosto de 2015.***

Desde a formación nacionalista ***D. Xosé Manuel López Fernández*** explicou o contido da moción que buscaba a instalación na comarca dunha planta de compostaxe. A medida era xustificable desde todos os puntos de vista, ambientais, económicos, e mesmo do emprego que contribuiría a crear.

Desde a APAC, ***Dª Lara Rodríguez Peña*** cualificou de boa a moción e adiantou o seu apoio.

Polo grupo socialista ***Dª. Celia Alonso Caramés*** afirmou que ela e o seu grupo sempre estiveron a prol da compostaxe. Supuña a recuperación de moitos compoñentes do lixo, o abaratamento de custes e a mellora do medio ambiente. Con elo levaríase o modelo das tres R ao rural. Adiantou o seu apoio, indicando que había que educar desde pequenos aos rapaces nesa cultura, e rematando coa afirmación de que a medida proposta crearía postos de traballo e melloraría o medio ambiente da comarca.

Polo grupo popular, ***D. Xosé Crespo Iglesias*** dixo estar sorprendido polas posturas escoitadas. A nivel da capital, de Pontevedra o PP e o BNG buscaban a instalación dunha planta de compostaxe na dita comarca, pero o PSdeG-PSOE non a apoiaba.

Salientou que notaba un grande descoñecemento deste tema entre os intervenientes. Había que estudar antes todos os datos e ver os Concellos e a poboación afectada, o volume de lixo, en suma, moitas variables a ter en conta antes de solicitar á Deputación Provincial a instalación dunha planta destas características. *“Ao mellor tiñan que ser máis concellos”*, afirmou. Lembrou que a planta de Barbanza non funcionaba autónomamente, senón que era un complemento da planta de Sogama.

De novo **D. Xosé Manuel López Fernández** defendeu a proposta, entablándose un debate co Sr. Crespo Iglesias.

De novo polo grupo socialista **D^a. Celia Alonso Caramés** afirmou que ela e o seu partido sempre defenderon e apostaron pola compostaxe, polas vantaxes que supuña e que antes relatou. Reiterou que o procedente sería Instar á Deputación Provincial a que elabore e implante un Plan Provincial de Xestión de residuos sólidos urbanos na provincia.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, dez (10) do PP e un (1) do BNG, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

Aínda tendo en conta a crise actual, en Galiza xéranse anualmente arredor dun millón de toneladas de residuos urbanos, que son obxecto de tratamento nalgún dos tres modelos existentes no noso país: SOGAMA, NOSTIÁN e BARBANZA. Estes residuos conteñen cantidades importantes de recursos e o seu aproveitamento pode xerar moitos empregos.

Non obstante, en Galiza as porcentaxes de recollida selectiva e reciclaxe de vidro e de papel seguen en cifras mínimas. Globalmente, a reciclaxe cífrase en arredor dun escaso 10 % do lixo xerado. Isto causa grandes perdas ecolóxicas e económicas. Máis non ten porque ser así, como vén demostrando ano tras ano o plan comarcal de reciclaxe e compostaxe do BARBANZA, onde se recicla o 45 % do lixo fronte ao 8 % do ámbito SOGAMA, e se xera 10 veces máis emprego que no ámbito SOGAMA. Na recollida selectiva, reciclaxe e compostaxe, traballan na Barbanza entre 140 e 150 persoas. A implantación de proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe permitiría xerar 3000 empregos adicionais aos que ofrece o modelo incinerador de SOGAMA.

Os residuos de envases atinxen un 40 % do lixo xerado, medio millón de toneladas en Galiza, dos que só se recuperan no ámbito SOGAMA o 15 %. Ecoembes e a Xunta impuxeron aos concellos o modelo de recollida da bolsa e contedor amarelos para os residuos de envases. Un modelo que non está a funcionar e que permite a Ecoembes furtar aos concellos galegos a maior parte do financiamento que por lei debería achegar. Así, os concellos galegos seguen correndo cos gastos de recollida e tratamento do 85 % destes residuos de envases, un custo que non lles corresponde sufragar.

Se a isto engadimos que inda no 2014 a Xunta quixo trasladar aos concellos un incremento do canon de SOGAMA, que supuña un incremento de preto de 34 % aos concellos, pasando de 56 a 75 euros por tonelada de lixo, sen IVE, queréndolle cargar á cidadanía novamente o recorte que o Goberno central, tamén do PP, decidiu sobre as tarifas para percibir pola coxeración eléctrica, facendo que, ante a caída de ingresos de SOGAMA pola xeración de enerxía, quen pagase a diferenza fose a cidadanía e SOGAMA seguise coas súas contas en beneficios (7,8 millóns de euros).

Todo isto ven a confirmar o fracaso de SOGAMA e o Plano de Residuos implantado polo PP na Xunta de Galiza, que defende a incineración, sen ter en conta a redución, a reutilización

directa e a reciclaxe de residuos, a compostaxe, e a proximidade no tratamento, máis sustentábel ambientalmente e de menores custos.

Os sucesivos gobernos do PP na Xunta impiden a existencia de plans alternativos que prioricen a reciclaxe e a compostaxe e mostren custos máis sensatos, alén de crear máis emprego directo.

Coa configuración política xurdida das pasadas eleccións municipais existe un novo rumbo na Deputación Provincial que permitirá favorecer as alianzas entre concellos para a reciclaxe e aproveitamento dos residuos orgánicos por medio da construción de pequenas plantas de compostaxe.

No acordo de Goberno suscrito por BNG e PSOE para o presente municipal na Deputación de Pontevedra con data de xullo de 2015 figura coma unha das áreas a potenciar, literalmente: os RESÍDUOS (plantas comarcais de tratamento de residuos en función da dispoñibilidade de terreos e concellos dispostos a adherirse, así como outras medidas que fomenten a redución, a reutilización e a reciclaxe).

Por todo isto o **Pleno da Corporación municipal ACORDOU:**

Que se realicen as xestións oportunas para que o Concello de Lalín sexa protagonista, no seu ámbito comarcal, no cambio de Modelo de Xestión dos Residuos Urbanos mediante as seguintes medidas:

- Establecemento de canles de colaboración coa administración provincial e o resto de concellos da comarca para a construción e posta en marcha dunha planta de compostaxe comarcal.

- Estudio para a elaboración dun plan de implantación da recollida selectiva do lixo polo sistema "porta a porta".

12.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 7-P/2015. CRÉDITO EXTRAORDINARIO. TRAMITE URXENTE.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 26 de agosto de 2015. Viña referido ás obras que tiñan que acometerse na Praza de Abastos, tras a concesión dunha subvención pola Xunta de Galicia.

Sometida a votación ordinaria a urxencia do expediente, mediante o sistema de manalzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, dez (10) do PP e un (1) do BNG, **ACORDOUSE ratificar a dita urxencia.**

Explicando a proposta **D^a. Teresa Varela Fisteus**, concelleira delegada de facenda do grupo de goberno explicou a subvención recibida e as obras que se trataban de realizar na Praza de Abastos para melloralala.

Os distintos voceiros amosaron a súa posición favorable á proposta.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, dez (10) do PP e un (1) do BNG, **APROBOUSE** o expediente e a proposta da Alcaldía de data 26 de agosto de 2015 do seguinte tenor:

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito número 7-P/2015, a financiar mediante a baixa de crédito doutras aplicacións orzamentarias non comprometidas, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para as seguintes finalidades:

En concreto, trátase de dotar de crédito a correspondente aplicación orzamentaria para facer fronte á achega municipal necesaria para a execución do investimento consistente na instalación dunha porta cortaventos na Praza de Abastos de Lalín, para o cal a Consellería de Economía e Industria concedeu unha subvención a este Concello que cubre o 70 % do seu custo.

En relación ao expediente da citada subvención, considerouse oportuno reformular a solicitude de subvención á Consellería e Economía e Industria, polo que a Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 24 de agosto, acordou aprobar e remitir unha nova memoria técnica da instalación de porta cortaventos, ascendendo a súa valoración a 6.298,05 €, así como solicitar á Xunta de Galicia a modificación da resolución pola que se concedeu a subvención ao abeiro do artigo 14 das bases reguladoras da concesión da citada axuda.

Tendo en conta o prazo máximo no que debe estar finalizada a execución do investimento (31 de outubro de 2015), considérase necesario dotar a achega municipal prevista, que ascendería ao 30 % do importe total (1.889,42 € para a instalación da porta cortaventos e 540 € para a xornada visual *merchandising* ao que está vinculada a subvención).

Á vista da documentación que se achega, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario financiado mediante a baixa de crédito doutras aplicacións orzamentarias non comprometidas, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do Presuposto de Gastos á que se dota de Crédito Extraordinario:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
431.2. 622.44	Mercados, abastos e Lonxas Instalación porta cortaventos na Praza de Abastos	2.429,42 €
	TOTAL ALTAS DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO:	2.429,42 €

3.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

A baixa de crédito das seguintes partidas do Presuposto vixente non comprometidas, cunhas dotacións que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos:

Área de gasto 9		
Aplicación	Denominación	Importe €
920.120.01	Administración Xeral. Salario básico Funcionarios Grupo A2	2.429,42 €

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

13.- MOCIÓNS POR URXENCIA.-

13.1.- MOCIÓN POR URXENCIA DO PP SOLICITANDO A COMPARECENCIA NO VINDEIRO PLENO DO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 27 de agosto de 2015 e rexistro de entrada do mesmo día co número 5650.

Na exposición da urxencia, o voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias**, explicou que á raíz duns feitos desagradables ocorridos a semana pasada en Vilatuxe, ó seu xuízo razoablemente graves, coidaba que debían darse explicacións dos mesmos. Por iso traían a moción a debate.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, pediu que comparecera nesta sesión e dera na mesma o dito edil as explicacións necesarias. Sinalou que os feitos puideran ser cuestións privadas, e desde logo o Concello non se ía converter nun estado policía para investigar os mesmos. Rematou afirmando que este caso sería un precedente perigoso para o futuro.

Desde o grupo socialista **D. Nicolás González Casares** indicou que había que diferenciar entre cargos e funcións públicas e privadas. Indicou que non era razoable que un concelleiro

estivera a esas horas na dita festa, e ao mellor isto foi o que debeu evitarse. Nunha festa pasaban moitas cousas. Coidaba que non tiña transcendían para o Concello, porque non estaba no exercicio das súas funcións públicas. Houbo unha discusión na mesma na que participou. Se houbo algunha actuación irregular, seguro que se pediron desculpas. Rematou afirmando que entrar neste debate sería entrar unha espiral grave, na que ao mellor no futuro moitos edís terían que explicar as súas actuacións.

A versión dos feitos era contraditoria, e toda persoa ten dereito a equivocarse na súa vida privada.

Polo grupo popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** explicou que quería, antes de formular as preguntas, escoitar aos interesados e coñecer os feitos. Por iso non aceptaba a comparecencia nesta sesión. Aínda non sabía o que debía preguntar.

Finalizou o debate **o Sr. Alcalde, D. Rafael Cuiña Aparicio**, para salientar que non atopaba as razóns da urxencia desta moción, para a súa tramitación como tal, non aceptando o voceiro popular a comparecencia nesta sesión.

Sometida a votación ordinaria a urxencia da moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, dez (10) do PP e un (1) do BNG, **ACORDOUSE dita urxencia**

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, dez (10) do PP e un (1) do BNG, **APROBOUSE a moción** do seguinte tenor:

A parroquia lalinense de Vilatuxe celebrou os días 10 e 11 de agosto na honra a San Lorenzo, uns festexos na honra ao seu patrón que incluíron unha verbena nocturna na que participaron numerosos veciños da parroquia e dos arredores.

No transcurso da verbena nocturna do día 11 ao 12 de agosto, tal e como puideron presenciar os veciños presentes na festa, rexistráronse varios incidentes nos que tivo participación activa o tenente de alcalde, *Nicolás González Casares*, que a tenor do comentado polos presentes non respectou os máis mínimos requisitos de conduta que se lle supoñen a alguén que ocupa o seu cargo.

Á vista delo e da alarma causada entre os presentes polos comportamentos protagonizados pola segunda autoridade do Concello de Lalín, o tenente de alcalde, D. Nicolás González; e atendendo ao que recolle o artigo 105 no seu apartado 1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento, e réxime xurídico das Entidades locais que regula a comparecencia dos membros do grupo de goberno, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

- A comparecencia no vindeiro pleno do Primeiro Tenente de alcalde do Concello de Lalín, **D. Nicolás González Casares**, para explicar os feitos ocorridos na madrugada do día 11 ao 12 de agosto na celebración festiva de Vilatuxe; en aras a seguir os mínimos requisitos de conduta que

recolle a Lei de transparencia, acceso á información pública e ao bo goberno no artigo 26, no seu apartado 6, que recolle a obriga de manter unha conduta digna e tratar aos cidadáns con esmerada corrección.

14.- ROGOS E PREGUNTAS.-

14.1.- ROGOS.-

Presentados por escrito.-

Non houbo.

Presentados de xeito oral:

D. Xosé Crespo Iglesias.

1.- ROGO.- En relación coas mocións do grupo de goberno que son tres nesta sesión falan tres voceiros. O normal, entende él, é que se se presenta por un grupo a defensa un só voceiro, o do grupo que a asina, e non por todos.

O Sr. Presidente quedou enterado.

2.- ROGO.- Pide que para evitar discrepancias e conseguir un mellor funcionamento do Concello, se reúna a xunta de voceiros que convoca o Sr. Alcalde e neste órgano poden os distintos representantes dos grupos municipais amosar os seus pareceres, e resolver as cuestións de forma e de funcionamento que xurdan nos distintos órganos colexiados do Concello.

O Sr. Presidente quedou enterado.

14.2.- PREGUNTAS.-

Presentadas por escrito.-

PP.

José Crespo Iglesias.

En sucesivas ocasións, e con especial gravidade, con motivo da concentración gandeira celebrada o pasado mércores día 12 de agosto, asistimos a constantes acusacións e calumnias do Sr. *Rafael Cuiña* nos medios de comunicación e redes sociais atribuíndo ditas calumnias a “fontes ben informadas” ou á fórmula de “cóntanme” para difamar e difundir calumnias sobre os membros do Partido Popular.

En concreto, coa recente concentración de gandeiros na defensa do sector lácteo o presidente da corporación acusou ao voceiro do PP de ter realizado chamadas para evitar que gandeiros da zona asistisen a dita concentración, atribuíndo esa información a un anónimo

“cóntanme”. Cando a realidade foi que varios gandeiros, entre eles os que son concelleiros do PP asistiron á concentración pola invitación directa do propio voceiro popular.

En relación a este tema formúlase a seguinte **PREGUNTA**:

1.- PREGUNTA.- Emprazamos ao **Sr. Cuíña** a que diga: **¿cal foi o gandeiro ou gandeiros aos que eu ou calquera membro do Partido Popular chamamos para que non asistisen á concentración?**. No caso contrario, que desminta o comentario que realizou na véspera de dita concentración.

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

2.- PREGUNTA.- En relación co cartel da festa medieval que se vai celebrar nos primeiros días de agosto deste ano, quere saber como vai a organización, e por qué a empresa encargada destas festas e dos carteis non é de Lalín.

O Sr. Presidente quedou enterado.

E, sendo as quince horas e trinta minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

O Alcalde.

Dou fe. O Secretario Xeral.

Rafael Cuíña Aparicio

César López Arribas